

Morta en vida

Andrea B. Freije

Ilustración, poema e relato

Eu, o misto apaixonado,
esvarei nos fíos dos recordos
e caín na escuridade.

Roubáronme as verbas,
dormen na cama desfeita dos meus oídos.

Bágoas por esvaecerme
escapan dos meus ollos mortos.

Deambulo polas rúas da miña infancia,
oprimida polas tebras que me axexan.

A risa e o choro extraviáronse,
os berros e os murmúrios desnortaron.

Só permanece a miña mirada,
profunda, mais baleira.

Ata o meu corpo, cínsceto,
decidiu, sen min, podrecer capa por capa.

Eu, xa non son eu,
senón unha vagabunda
que esquece os seus pasos
mentres me perdo na néboa da miña mente.



Os meus ollos xa non ven como o mundo cambia diante deles. Non os cobre a mortalla dunha vista con cataratas. Non. A súa néboa é distinta. Non está fóra senón dentro. Revólve-me o estómago, reméxeme ata as tripas. Nace na miña mente e cos seus fríos dedos aprisiona o meu corazón. Apértamo. Ata os meus pulmóns semellan aborrecer o ar. E así o oco do meu seno medra sen control. Síntome baleira, perdida, quizais murcha. Mucia como pode que estean as árbores que quizais medren tras a ventá do meu cuarto, nun outono que nunca remata.

Apoderouse de min. As miñas entrañas foron comendo tan a modo a miña historia que nin sequera sei cando deixei de ser eu. Ou sigo sendo? Si. Teño dous pés que sosteñen dúas pernas. Porén non camiñan. Porque para iso estaban, non? Para fuxir de min mesma. Porque xa non estou nin me atopo.

Apenas me vexo reflectida nos espellos. Nos seus ollos. Nas súas miradas de desprezo, de noxo. Si, iso podo sentilo. O seu desdén converteuse en meu. E eu só quero irme, correr lonxe do meu ser. Deles.

Téñenme presa nunha gaiola de fume. Sinto os nós que atan os meus pés e as miñas mans sucadas de engurras. Con elas esquecín o suave tacto dun aloumiño, a viscosidade da masa do pan, a dureza das tesoiras de ferro

coas que cortaba as teas. Agora colgan inertes de dous longos e pálidos brazos.

Eran fíos os que se leaban na miña cabeza creando unha tea de araña. Anos e anos tecéndome recordo a recordo, do frío do verán á calor do inverno. Con orgullo, rebeldía, forza. Con paixón... Non, esa non era eu. Pero que máis da se todo está cuberto de néboa... En penumbra.

Xa non podo ver nada máis que unha luz ao fondo. Porén síntome mellor na escuridade dos seus ollos. Deses que me menosprezan. Ou son eu quen o fago? Non, eu nunca me faría algo así. Esas miradas de pena. De medo? Si, porque non saben que facer comigo. Coma se eu o soubera! Van apañados se pensan que os vou axudar.

Da miña boca non sairá palabra. Porque si, sigo tendo beizos, e os poucos dentes que decidiron quedar aínda que fora vella. Pero non lles atopo moita utilidade... Para que eran? Para bicar?

Non. A boca é para comer. Mais ata a saliva escapou dela coma un suspiro. Agora está tan seca coma min. Os mortos non teñen fame ou sede. Aliméntanse dese ar que as veces non me quere entrar no corpo. E mira que aquí tería espazo...

Ou estaba para falar? Para dicir mentiras ou verdades das que doen. Quixen berrar tantas veces, mais os meus pensamentos arrólanse na miña gorxa. As palabras seica quedaron tan perdidas coma min. Se cadra nunca as tiveren, nunca as usei. Nin eran fortes, nin risos de outono, nin bágoas de primavera. Quero gritarlles que estou aquí! Mais a miña voz converteuse nun salouco. Xa non quero pensar máis... Este buraco negro chúpame a enerxía, as emocións, as razóns, os sons... Os meus ouvidos tamén foron devorados polas tebras.

Porén ti si me oes. Enténdesme. Vesme. Cativa de ollos apesarados e perdidos. Semellas tan triste. Por que te negas a chorar? As bágoas saben coma a auga do río. Doce coma o biscoito de mel que nos facía mamá, ese que tanto nos gustaba. Por favor non te vaías. Non me deixes soa ti tamén. Aquí vai frío. Como o mar cando nos bañabamos no inverno. Os meus ollos pican, coma se a súa sal se coara neles.

Doe tanto tanto... Por que te empeñas en esvaecerte coma se foras o meu reflexo nun charco? Xa me estás confundido! Eu non son unha nena! Son unha muller! Unha señora! Unha vella! Por que te empeñas en finxir que non estou que non vexo que non oio que non sinto que non saboreo?

Hai demasiada escuridade. Demasiada soidade aquí dentro. Case

podo decatarme como cada no, cada punto da miña mente, se quebra. Se desanoa. Rompe. Racha. Escacha. Creba. Seica non fun o suficientemente boa e este é o meu castigo? O meu tormento por ser forte e rebelarme a ti foi anoarme nunha cadeira? Sénteste mellor por pecharme no cuarto baixo sete chaves? Que te dis antes de durmir? Que é polo meu ben? Non te enganes...

Sairei de aquí inda que sexa o último que faga. Como o fixen o día que me convertín nunha serpe. Un réptil silandeiro que esvarou pola cadeira ata o chan. Ata o frío chan... Mágoa que desacordara a saída, cara onde ía, que non soubera de que quería fuxir. E agora volvo estar perdida. So vai frío...

Esta é a miña penitencia. O meu inferno... Non te vaías! Non quero seguir soa. El non me oe cando lle berro. Non o comprende. Non ve os meus pés. Os meus xeonllos feridos, fartos de gatear, de implorar por un paseo, por sentir o ar na miña face. Porque si, teño rostro. Suave, moreno das herbas que arrinquei, que cortei, que carguei... Non me enganes! Prometín non facerme nunca anciá. Para de chamarme tola, inútil, desprezable. Deixa de marcar a miña cara coma se che pertencera. Non te equivoques. É miña! Por máis que insistas fai décadas que deixou de ser túa. Os meus ollos só poden mirarte con toda a carraxe que me queda nestas tebras.

Sobrevivireiche aínda que o meu reflexo se desfaga nestas augas tan sucias coma min. Tornaron vermellas, como o primeiro sangue do meu seno, de amor, de vida... De morte. Estou morta? Quizais estea baixo terra e por iso sinto como a miña carne podrece capa a capa. Ou pode que me vaia converter nunha bolboreta desas peludas que envolven aos candís de noite.

Teño que ser un becho nocturno, senón non viviría aquí. Nun labirinto. Nas tebras. Na néboa... Nun pesadelo do que, por máis que me golpees e berres, nunca vou espertar. Quizais sexa mellor quedar aquí. No centro... No meu centro... No inicio e no fin. Na noite pecha. No baleiro. Onde me poida afundir coa nada. Ser a nada. Porque... quen son? Que son? Onde vagan as ánimas en pena que sofren atrapadas nun corpo ao que só lle queda esquecer como vivir?